

11

Os topónimos en *-ás* da provincia da Coruña

María Rosario Soto Arias

Resumo_ No presente artigo estudamos topónimos rematados en -ás da provincia da Coruña. Proporemos hipóteses etimolóxicas e estableceremos unha clasificación semántica. Finalmente achegaremos breves datos morfolóxicos e dialectais.

Palabras chave_ topónimo; etimoloxía; antrotopónimo; fitotopónimo; hidrotopónimo.

Sumario_ 1. Introducción. 2. Estudo etimolóxico. 3. Distribución pola semántica e distribución xeográfica. 4. Conclusións. Referencias bibliográficas.

The place names in -ás of the province of Coruña

Abstract_ In this article we study place names ending in -ás from the province of Coruña. We shall provide some etymological hypotheses and establish a semantic classification. Finally we shall offer some morphological and dialectal data.

Key words_ toponym; etymology; anthroponym; hydroponym; phytotponym.

Contents_ 1. Introduction. 2. Etymological study. 3. Semantic and geographical distribution. 4. Conclusions. References.

1.

Introdución

No presente artigo estudaremos un par de centos de topónimos rematados en *-ás* da provincia da Coruña¹. É este un corpus interesante e rico, faltaría dun estudo sistemático. En primeiro lugar trazaremos hipóteses etimolóxicas. Como a maioría son microtopónimos e falta documentación, só podemos achegar propostas verosímiles. En segundo lugar estableceremos unha clasificación semántica, ofreceremos algúns datos morfolóxicos –tendo en conta que para a terminación *-ás* hai distintas orixes– e dialectais e remataremos cunhas breves conclusións.

Todos os topónimos están tirados, salvo excepcións (*Alcáiás, Aveás e Pormás*), do *Portal de Toponimia de Galicia*. Dáse o concello e só se cita un caso, por cuestións de espazo. No denominado *Portal de Toponimia de Galicia* (PTG) figuran varios proxectos de recollida de topónimos e microtopónimos de Galicia. O proxecto actual, chamado *Galicia Nomeada* (<https://toponimia.xunta.gal/gl/proxecto/actual>) é unha plataforma colaborativa onde participan entidades públicas e privadas, incluídos os particulares, que poden enviar novos datos continuamente mediante dispositivos conectados a Internet. A día de hoxe (marzo de 2024) hai máis de medio millón de topónimos recompilados. No momento da nosa procura (con data límite marzo de 2023) recolleemos 226 –incluídas as variantes– topónimos e microtopónimos rematados en *-ás* na provincia da Coruña: ese é obxecto do noso estudo.

2.

Listaxe de topónimos e achegas a un estudo etimolóxico

Abruñás: Oza Cesuras (pb.). Fit. De **(a)prūñēales* (Navaza, 2006: 106). *Abruñal* é v. c.

Acivás: San Sadurniño (t.). Fit. De *acival* ‘lugar onde hai acevos’ (Navaza, 2006: 38-9).

Agrochás, As: Fene (pb.). Motivado pola forma do terreo. Parece plural dun composto propio, *Agrochán*, formado por subs. + adx., modelo produtivo, como se ve polos top. *Brañachás, Campochás, Fontechás* (PTG). Outra explicación para a ausencia de *s* na primeira parte do composto é *agro (das) chás*, un agro situado en terras planas.

Aguazás: Arteixo (t.). Aparece como rego en 1726 (Daviña, 2006: 65). Alude a terras augacentas; estará formado sobre **aguazal*, seguindo o modelo de *lamazal* (DdD)/*lamazales* (COD).

Alcallás/Alcáiás: Neda (pb., PTG) e Cedeira (Porto, 2014: 74, “nome dun terreo mesmo a carón das Sonreiras”), respectivamente. Porto considera os dous microtopónimos como var. dun mesmo étimo² e di que se trata dun arabismo, AL-QALLAL ‘alfareiro’. Cita diversos top. con esa raíz (tres *Alcayá*, no s. XVII, e a lagoa *Alcáián* de Coristanco). Nós inclinámonos por un celtismo: *alk* ‘alce’, raíz citada por Moralejo Lasso (1977: 62) a propósito da explicación que Menéndez Pidal ofrecera para *Alcobre*. Tamén en *Alcobendas* viu Menéndez Pidal esa raíz, étimo que subscribe Prósper (2002: 137). Para o vigués *Alcabre*, Sacau (1990: 25) remite igualmente ao zoónimo.

1 Neste artigo usaremos as seguintes abreviaturas: a. *ano*, a. c. *accidente costeiro*, a. t. *accidente terrestre*, ab. *abundancial*, adx. *adjectivo*, antr. *antropónimo(s)/antropotopónimo(s)*, cast. *castelán*, doc. *documentación*, fit. *fitotopónimo(s)*, gal. *galega/-o*, hid. *hidrotopónimo(s)*, ide. *indoeuropea/-o*, I. M. *Idade Media*, lat. *latín*, pb. *poboación*, port. *portugués*, s. *século*, subs. *substantivo*, t. *terra(s)*, top. *topónimo(s)*, v. c. ‘voz común’ (quere dicirse que figura no DRAG), var. *variante(s)*.

2 Cfr. *Ferraia/Ferralla* (DdD).

Ameás: Carral. Fit. De *ameal* 'amieiral' (Navaza, 2006: 57).

Ameneirás: Paderne. Fit. De *ameneiral*, v. c.

Areás: As Somozas. Ab. formado sobre *areal*, v. c.

Armallás: Cariño (a. c.). Talvez de *armalla* ou *armallo* 'almallo, boi' (DdD) pola forma orográfica. Na costa coruñesa temos zootopónimos semellantes: *O Cabalón* (PTG), *O Boi*, *A Vaca*, *O Becerriño*, rochas preto da Torre de Hércules e na zona de Labañou-A Coruña está *O Cabalo*. En Asturias hai un monte *Armallán* e en Guadalajara *Armallá* e *Armallones*: algúns estudosos ven aí a raíz prerromana *Mal-* 'escarpa, farallón' que podería estar en *Malpica* (Navaza, 2021: 54). Se esa fose a familia de *Armallás* había que postular un sufixo en *-anes/-anas*.

Aveás, As: Miño (zona urbanizada, conserva o nome o parque). Fit. De *aveal*, v. c. *Avenales* aparece como v. c. en doc. de Caaveiro do s. XI (COD).

Balocás: Santiso. Aparece como *Ballokanes* en doc. do s. XI (COD). Fit. De *baloca*, voz que designa a *digitales purpurea*, a castaña ou a pataca (Navaza, 2006: 74).

Bañás: Vilarmaior. É un hid. talvez emparentado co *Avania* base de *A Baña* (Bascuas, 2006: 204; Navaza, 2021: 17). Temos os top. *Bannal* e *Banial* en doc. ourensá (COD.).

Barbeitás: Melide. Formado sobre *barbeito*, do lat. *vervactum*.

Bardallás: Fene (t.). Formado sobre a base dun *barda* de orixe prerromana. A día de hoxe *barda* é un sebe feito de materia vexetal. Corominas (DCECH, s. v. BARDA II) rexistra *barda* 'carballiza' en Salamanca³; o top. leonés *Bardaya/Bardalla* alude a unha paraxe de montaña frondosa e *O Bardallás* de Fene é coñecido tamén como *O Carballal*⁴. Talvez *Bardallás* derive de **bardallal*, formado sobre un despectivo de *barda*.

Bardás: Narón. Formado sobre *bardal* (DdD) ou *bardana* (fit., DdD; na doc. medieval hai un *Pedro Bardaas*, XEL). Non descartamos un derivado de *barro*, tendo en conta que o lucense *Bardaos* se identifica co medieval *Barretanos/Bardanos* (Ares, 2013: 973).

Barrás, Os: Vedra. Formado sobre *barral*, de *barro*.

Bastiás, Os: Melide. Antr. De **Bastianis/-anes* < *Bastián* (lat. *Sebastianus*).

Baxás: Ortigueira. Antr. Dun *Baginus* ou *Bagianus* (Piel, 1948: 42; Navaza, 2022: 22).

Becerrás: Cambre (t.). Hai un *Bezerral* en doc. de Caaveiro (COD), logo podemos ter un zootopónimo. Ou talvez sexa un antr.: de **Becerranes*, referido a un posesor apelidado *Becerra/-o*, apelidos frecuentes na I. M. (COD).

Bellás: Oza Cesuras. Posible antr. De *Bellius* (> **Bellianis*), seguindo o modelo *Bellós* < **Bellionis* < *Bellius* proposto por Ares (2013: 1232). En doc. de Toxos Outos figura o apelido *Vellaz* (COD) que daría *Vellás* por seseo implosivo.

3 Corominas di que *barda* 'carballiza' non pertence á familia de *barda* 'estacada' pero nós discrepamos. En Asturias o mestre documenta *barda* 'salgueiro' (íbid.) e intégraos nesa familia. Sexan salgueiros ou carballizas, son árbores novas, coas que se forman bardas.

4 <https://www.radiofusión.gal/actualidade/novas/historia-de-galicia-empezou-en-sillobre>.

Benibás: Boiro. Talvez de **Benihabeas*, do lat. *bene habeas*. É un “típico nome augural cristián” (Boullón, 1999: 155). Hai un *Sanctius de Beniaias* en doc. compostelá (COD).

Berdomás: Oroso. De *verdomo* ‘verde que soltan as verduras’ (DdD). Aludirá a un elemento caracterizador da terra. Hai outros top. en *Berd(o)-* que tamén veñen de *viridis* ‘verde’, como *Berdozedo/Verducido* (Moralejo Lasso, 1977: 331).

Bermás: O Pino. Hid. cuxa raíz é a paleoeuropea **wrma-* ou a ide. **bhor-/bher-* ‘borbollar a auga’ (Viejo, 2003/2004: 269, quen segue a Krahe e a Villar). Cita Viejo, para explicar *Bermiego*, o hid. noruegués *Verma*, semellante ao noso.

Berzás: Cedeira (t.). Posible fit. derivado de *verza* (Porto, 2014: 437). Ou antr. ou hid. Boullón (1999: 157) trata o alcume *Berzo* e di que é de difícil interpretación, se ben parece var. do cast. *berzotas* e do port. *berçudo* ‘peludo’ (Simões, 1993: 117). Como hid. aparece en doc. leonesa: *usque in aqua verzo* (COD) e derivará de *viridis*, étimo que subxace en hidr. como o río *Verdugo* (Moralejo Lasso, 1977: 331). Non descartamos a base *Berzo* < *Bergidum*, coma o *Bierzo* leonés (Moralejo Lasso, 1977: 238).

Bicás: Narón. Antr. Para o *Bicás* lucense, Ares (2012: 622) pensa no nome *Vicco* e no apelido *Becaz*, da familia celta de *bico* ‘curuto’ ou ‘recanto’. Desá familia existe o adx. *bical* (referido á forma alongada de froitas, peixes, cepas, DdD), base válida para *bicás*.

Borás: Barallobre, Fene (pb.). Antr. talvez relacionado cos xermanos: *Bore-sindus* (COD); *Alt-bora* e *Sige-bora* (Gysseling & Koch, 1948: 295). Na I. M. documéntase o alcume *Boras* (COD). Ou podemos ter un hid. pertencente á familia dos ríos *Boronia*, *Burbia*, medieval *Burelum*, con raíz **bhr-* ‘ferver’ (Bascuas, 2002: 116).

Borrazás: Carballo. De *borraza*, posible fit., integrable nunha serie abondosa en *-aza* (*alfaza*, *berraza*... ata 14, DdD). Ese fit. emparentaría co cast. do XV; parece relacionarse co francés *bourrace* do s. XIII e para Diez deriva do lat. *burra* ‘la’ (DCECH, s. v. BORRAJA). Cabeza (2020: 39) nega esa filiación *porque borraza é unha voz castelá que non aparece nunca nos repertorios galegos*. Pero hai un par de obxeccións: unha, a introdución da voz *borraza* no dominio cast. é relativamente serodia: aparece por vez primeira en 1400 nunha obra científica e non subsiste no dicionario actual; dúas, esa base produce fit. en port.: *borraçal* ‘variedade de uva’ (TLPGP), *borrazeira* ‘salgueiro’, *borraceira* ‘var. de azeitona’, *borraçal* ‘terra pantanosa com pastagem’ (as tres voces en Figueiredo, 1913) e dese *borraçal* pode vir o noso top. O apelido *Borrazás* documéntase primeiramente en 1569⁵, pero a voz de onde procede é anterior. A *borraza* ‘herba de pasto’, *morraça* en port., abundaba nas costas galegas e portuguesas e en Andalucía occidental⁶. En Cádiz os tratantes de *borraza* eran *borrazeros* e ese será o oficio dos *borraseros* da doc. gal. no s. XV (XEL). Hai un *Borrazás* en Monteagudo, Arteixo, no CME.

Brañachás: Paderne. Top.-hid. composto do subs. *braña* e o adx. *chá*. Vid. arriba **Agrochás**.

Brañás, Os: Ribeira. Hid. De *brañal*, v. c.

Buscás: Ordes. *Buscas* no CME. Posible orixe nun nome. Documentamos na península os seguintes: *Bosco*, sobrenome (a. 1240, COD); *Boscane* (1167), *Buscane* (1182), *Buscha* (1098-1113), *Buschana* e *Buschane* (1170, os cinco no CODOLCAT). Xa se dixo (DCECH, s. v. BOSQUE) que esta familia léxica entra por Cataluña, onde a doc.

5 <https://apelidosgalicia.org/borraz%C3%A1s-3354>.

6 “Sobre la borraza, yerba de pasto; por D. Simon de Rojas Clemente. (Año 1808)”, en: <https://bibdigital.rjb.csic.es/viewer/9928/?offset=#page=1&viewer=picture&o=bookmark&n=0&q=>.

é máis rica e antiga. Porén, hai un top. *Buscheiro* en 988 (COD, doc. compostelá) que parece relacionarse coas formas catalás *Boscharones* (913), *Boscheros* (976) e *Buscheros* (1023, os tres no CODOLCAT). Temos tamén un top. *Buschayn* no s. X (COD), composto de *Bus* (talvez apócope de *bustum*⁷) e o top. *Chayn* (COD).

Cabás, O: Coristanco. Temos a v. c. *cabaz* 'cabazo', con seseo implosivo.

Cabazás: Melide. Fit. De *cabazal*, v. c.

Cadavás: San Sadurniño. Fit. De *cadaval*, v. c.

Cambás: Aranga. *Camvas* no CME. Aparece como *Cambaes* no s. XIII (COD). Talvez de *cambal*. En Galicia hai un río *Cambal* pero como v. c. só a rexistramos en port. (TLPGP). A raíz *camb-* é analizada por Bascuas (2006: 251). Outra opción sería ver a orixe no antr. *Camba* (Boullón, 1999: 166).

Campás (de Arriba): Fecha, Santiago (t.). Fit. A existencia de (*Os*) *Campáns* tamén en Fecha (PTG) dinos que esa é a base de derivación. *Campáns* é da familia do lat. *campus*: Gaffiot (1934: 250) documenta un *campanus* (= *campans*, *-ātis* = *campas*) en Plinio.

Canás, Os: Suevos, Arteixo (t.). Posible fit. Do lat. *cannalis* (Gaffiot, 1934), de *canna* 'cana'. *Cannales* rexístrase en doc. lucense do s. XI (COD).

Canavás, Os: Ferrol. Fit. De *canaval*, v. c.

Candás, Os: Porto do Son. Posible fit. De *Candal*, de *cando* 'carabullo' (Navaza, 2006: 141-2). Tamén pode considerarse a raíz unha var. de *cant-* 'pedra' (Prósper, 2002: 333) e sería un ab. de pedras.

Candexás: Ribeira. Talvez do xentilicio *candexo*, que se aplica aos de Cando-Noia (Costas, 2016: 26). Unha segunda opción é partir de *cando* 'carabullo' mais o sufixo despectivo *-exo*. Unha terceira é considerar **candexa* = *candilexa/candexa* (DdD) un fit. específico con inflorescencias colgantes, de *candea*.

Cantaruxás, Os: San Sadurniño. Ab. De *cantaruxa* 'cigarra' (DdD).

Cañas: Carral. Posible fit., ab. de canas. Hai *cañal* (DdD). Nese caso sería un castelanismo. Ora ben, en Cañas houbo minería aurífera, abundarían os callaus. Hai *callán* 'callau' e *cañó* 'callau' (DdD), por troco de palatais. Dun **callales/*cañales* > *cañas*.

Carballás, Os: Ortigueira. Fit. De *carballal*, v. c.

Cardás: Caión, A Laracha (a. t.). Do ab. *cardal* (DdD), frecuente na toponimia coruñesa.

Careixoás, Os: Cedeira. Fit. formado sobre a base de *careixón* 'carpaza' ou 'amorodeira' ou *careixós* 'amorodos' (DdD). Hai antr. *Kareixo* (Boullón, 1999: 168) mais o diminutivo (**careixolas*) fainos pensar nas pequenas bagas.

Casás, Os: As Somozas. Top. formado sobre *casal*, v. c.

7 Así se explican os top. *Buscalque* e *Buscalte* (Ares, 2013: 1309), se ben o top. *Buschabade* (COD) é interpretable como 'bosque do abade' mellor ca como 'bustum do abade'.

Cebolás, Os: Barrañán, Arteixo (t.). Fit. De *cebola* + *ales* (hai *Cebolais* en Vigo: Navaza, 2006: 192). Ou talvez antr. *Cebola(m/n)* é apelido na I. M. (COD).

Centeás: San Pantaleón das Viñas, Paderne (t. e pb.). Fit. Posiblemente se trate do *Centeaes* que aparece en doc. coruñesa do s. XI (COD). *Centeal* é v. c.

Cervás: Ares. Aparece como *sancti Petri de Cervales* en doc. do s. XI (COD). Indica un lugar onde abundaban os cervos.

Chás, As: (t.), As Pedras Chás (a. c.) Mañón. Do lat. *planas*.

Chamoás, Os: Porto do Son (t.). Antr. Do xinecónimo *Flammula* (Piel, 1984: 8). Temos o nome *Chamoa* no s. XII (COD).

Cimás: Sada. Do greco-lat. *cyma* 'cume'. Alude á situación. Hai un *Cimanes* en doc. astorgana (COD).

Cividás: Oleiros (pb.). Xentilicio formado sobre **civitatanos* segundo Navaza (2018: 196-7). Na doc. do mosteiro de Oia aparece o top. *Ciuidanos/Ciuidáns* no s. XIII (COD).

Codesás: Melide. Fit. De *codesal*, v. c.

Compás: A Punta do Compás (a. c.), Arteixo. Deriva da v. c. *compás*.

Corbás/Corvás: Santiago (t.). Zootopónimo, de *corvo* > *corval*, presente na doc. medieval lucense e ourensá (*Ieyra de Corval*, *penna corval*, *Coruaes*, COD).

Corrás/Currás: Ferrol. Top. formado sobre o lat. *currus* 'curral'. Rexístrase *Currales* en doc. coruñesa do s. VIII (COD).

Corzás, Os: Mugar dos. Formado sobre *corzo*, coma outros top. gal. (*Corzón*, *Corzos*, *Corzantes*). Temos tamén os antr. *Corzo* e *Corzu* (COD). O top. tudense *Corzanes* (COD) é base válida para Corzás.

Costás, Os: Toques (t.). Formado sobre *costa*, pola situación das terras. Pode vir de *Costal* ou de *Costana* (ambos microtopónimos na doc. lucense, COD; se ben *Costal* é moito máis frecuente, tamén como apelido e adx.).

Covás: Ferrol (t.). Formado sobre *cova*, pola orografía do terreo. Un top. *Coval* aparece no CME (A Graña, Ferrol).

Croutás, Os: Vedra (t.). Talvez síncope de *corouto*, var. de *coroto* 'curuto' (DdD). En doc. compostelá temos *Curutana* (COD), antr. próximo á posible base **C(o)routana(s)*.

Debrás, Os: Moeche (t.). Pode estar formado por aférese dun *Ildebranus* (COD) ou ser en orixe (*terras*) de *Bras*.

Durás: O Chao/Coto dos Durás, Soaserra, Cabanas (t.). Posible antr. Figura o nome *Duran* en doc. de Caaveiro

8 Para o río *Corzán*, Martínez Lema (2010: 153) parte dunha base *Kork-* relacionada co lat. *Quercus*. Porén, como se verá máis abaixo, en *Gamás*, non é infrecuente que os ríos se designen con zoónimos.

e *Durani* en doc. gal. medieval (COD). Pero poden ser propiedades dun *Durán* moderno. Boullón (1999: 191) estuda ese apelido.

Eirás: Oroso. Formado sobre *eira*, v. c.. Hai un *Eirales* na doc. de Samos (COD).

Endetrás: Vedra. Top. locativo formado co adverbio *endetrás* 'detrás'.

Ervellás: Cedeira. Fit. (Navaza, 2006: 238).

Estrás: Velouzás, San Xoán de Paderne (t.). Posible antr. derivado da raíz gótica *Astr-* = **Austr-* 'brillante' que, segundo Piel (1934-1935: 52, 53), está presente en *Estramil* e *Estriz*. En doc. coruñesa temos *Sanctum Iohannem de Astras* (s. X, COD) que probablemente se corresponda co actual lugar de Paderne.

Fabás: A Laracha. Fit. De *fabal*, v. c.

Feás/Fiás: A Laracha. Fit. De *feal*, v. c.

Fernás: Santiso (t.). Posible fit. formado sobre **farinale* (Navaza, 2006: 255). Ou quizais sobre *Ferna* (nome a apelido, COD).

Ferradás: Loiba, Ortigueira (pb.). Formado sobre *ferradal*. Navaza (2006: 268) trae *Ferradal* de *ferrado*, v. c., de *ferro*. Ares (2013: 1268) pensa nun fit., do lat. *farratalis*, de *far*, *farris*. Outra hipótese plausible trae *ferradal* de *ferratae aquae* 'augas ferruxinosas'⁹. O ALG (VI: mapa 87) recolle *pedra ferrada*, pola cor ferruxinosa.

Ferrás: Abegondo. Talvez de *ferral*, de *ferro*. En port. significa 'que tem côr de ferro' (Figueiredo, 1913). Documentase o top. *Ferral* (PTG) e no ALG (VI: mapa 87) é sinónimo de *pedra ferreña*. Non descartamos a base no lat. *ferragine*: en doc. compostelá do X temos *ferraginales* 'plantacións de ferraña' e na leonesa *ferreinales* (ambas no COD) e *Ferrayles* (García Martínez, 1992: 53).

Fiapás: Boqueixón (t.). Posible fit. A existencia de *Feopaes/Feopaens* (COD), actual *Fiopáns* (A Baña, Coruña) lévanos a hipotizar para *Fiapás* a mesma orixe, *fenopanis* (un vello nome para o *feo do pan* ou *fenogreco*, en port. *fenacho*).

Finchás: Ribeira (t.). Fit. formado sobre o lat. *fenucŭlum*. *Finchás*, *Fiunchás* e *Fionchás* aparecen en doc. do s. XVIII en terras ferrolás (*Libro real de leigos*, CME). *Finchal* rexístrase como top. en Olveira, Ribeira.

Fondás: Coirós. Top. locativo, de *fondal* 'parte baixa dun terreo', v. c.

Fontechás: Coirós (t.). Parece plural de *fontechá*. Dáse a mesma composición en *Lamachá* (Silleda) e **Penachás** (véxase máis abaixo).

Fornás: Vedra. Para o top. lucense *Fornas* Ares (2013: 1216) pensa en *furna*. Pero rexístrase *fornales* 'fornos' en doc. coimbrá (COD), base posible para *Fornás*.

Foxás: Touro. Formado sobre o lat. *fogium* 'foxo'. Probablemente é o *Fogianes* da doc. compostelá do s. X (COD).

9 <https://penadacataverna.blogspot.com/2020/05/o-ferradal-e-os-ferradas.html>. Tamén hai *Águas ferradas* (Bragança, Portugal).

Franciscás: Melide (t.). Serían terras pertencentes aos franciscanos melidaos, cuxo convento data de 1372 (García Oro, 1991: 8).

Gaiás: Santiago. Antr. formado sobre o nome lat. *Gaius*. *Gaio*, *Gaia* e *Gaianus* aparecen en HISP. *Gaiana* e *Gaianas* son top. gal. (PTG). Pero tamén pode pensarse no gótico **Gadilamen*, como fai Piel (1934-1935: 367-368) para *Gaia* e *Gaiño*.

Galbás, Os: Ferrol (t.). Posible antr. Na I. M. *Galvan*¹⁰ foi un nome exitoso. Canto á etimoloxía, parecen confluír dúas orixes: o irlandés *O Gealbhain* e o lat. *Galbanus* (< *Galba*, nome de emperador).

Gamás: Santiago. Posible antr. Méndez (2018: 232) pensa nun nome xermánico relacionado con **Gamagiso* ou *Gamiza*. Outra opción é un zootopónimo: de *gamo*, en paralelo a *Cervás* e *Corzás*. Os gamos dan nome a un río en doc. de Toxos Outos (*fluuió Gamo* COD)¹¹. A femia, a *gama*, entra en comparanzas que ponderan a axilidade (*foxen coma gamos*, G. Feixoo de Araúxo, TILG) e pode ser a orixe do nome *Gama Velasci* do s. XIII (COD). A doc. medieval de *Gamás* como *Gamaz* fainos pensar nun sufixo patronímico ou adx. do tipo (*Castro*) *Montaz* (Silleda), *Fumaz* (alcume, COD), *lobaz* (DdD) etc.

Garabás: A Enfesta, Santiago (t.). Fit. De *garabal* (Navaza, 2006: 290).

Garás: A Coruña. É un microtop. documentado por vez primeira no s. XVI (Velo, 2020: 111, n. 250). Na doc. predomina a frase *Hortas de Garás*. Posible fit. (Soto, 2023). A raíz, *Gar(a)*- entronca na familia léxica de *garelo* 'talo do millo', *garula* 'verdura', *garabal*, *garabullo* etc. e está en top. como *Gara Boa* e *Garamontes*. Vémola no vasco *gara* 'talo vexetal, flor do millo' (Agud & Tovar, 1992: 301-2).

Gatañás, Os: Cabanas (t.). Fit. Posiblemente de **gatañal*, formado sobre *gataño* 'tipo de toxo', voz recollida por Sobreira (Pensado, 1974: 94); tamén en port. *gatanho* ou *tojo-gatão* (TLPGP). Son derivados de *gato* por ser plantas espiñentas, "rabuñan".

Goíás: Toques. Antr. De *Gaudila*, *-anis* (Ares, 1995: 19; Navaza, 2022: 28).

Gorás: Sobrado. Antr. Documentamos na I. M. os apelidos *Goraz* e *Gori* e un *Gorum* en Melón (COD); no XV temos un *Juan de Goran* (GMH). Ares (2012: 645) trae *Gorís* do godo **Golaricus* ou *Goiaricus*. Non descartamos a base no gal. *Goro*, de *Gregorio* (cfr. *O Agro de Goriño*, *O Pousadoiro de Goriño*, Navaza, 2007: 89).

Graxás: As Somozas. Talvez de *graxa* ou *graxo* 'gralla' (DdD) por troco de palatais: no COD documéntase o mariño *Gral(l)jal*, base posible de derivación de **grallás* (= *graxás*). Ou podemos ter un antr., *Grassius* ou *Grasiola* (Boullón 99: 251).

Herbás: Cabanas. Fit. De *herbal*, v. c.

Herdás: Teo. Pode ser o plural de *herdá* 'terra cultivable' (DdD), apócope de *herdade*, v. c. Mais o *Eritales* da doc. do mosteiro de Xubia (COD) indica que probablemente deriva do lat. *erithales* 'hedra' (Gaffiot, 1934).

Infernás: Ribeira (t.). Aludiría a terras situadas no baixo, como parece o caso do bracarense *Infernales* (COD). Do lat. *infernum* 'abaixo'.

10 No COD hai 36 ocorrencias de *Galuan/Galvan*. O éxito vén do nexa coa materia artúrica.

11 No COD temos *fonte de Cervos*, *rivulo de Caballos* e *riuulo de Ursos*. Hai un *Río Gamo* en Ávila.

Iñás: Oleiros (pb.). Hid. Hermo (2013: 56) cita a Prósper, quen propón a raíz ide. **(p)en-yo* 'pantano', e relaciona Hermo *Iñás* co coruñés *Rego da Iña*, co río austríaco *Inn* e mais co ártabro *Illobre*, vinculable a *illó* 'auga que abrolla'¹². A forma *Ynaas* (*Censo de Pecheros*, 1528: 147) fai pensar nun sufixo con *-n-*.

Irmás: Cedeira (a. c.). Nome motivado pola tripla forma orográfica semellante. Cfr. *Illas dos Tres Irmáns*, *As Dúas Irmás* e *A Pena de Entrámbalas Irmás* (PTG) ou a algarvía *Praia dos Três Irmãos*, con tres rochas parecidas.

Lacazás: A Furna dos Lacazás, Doniños, Ferrol (a. c.). Plural do adx. *lacazán*, v. c.¹³.

Lamagás: O Pino. Ab. formado sobre *lamagal*, documentado como top. (PTG), que pode vir de *lamacal* (DdD). Na I. M. temos os ourensáns *Lamacallamacial* (COD).

Lanzás, Os: Mañón (t.). Antr. vinculado a *Lanzós*, apelido e top. documentados no norte de Galicia. Moralejo Lasso (1977: 104) trae a coruñesa (*Fonte Lanzá* de **Lantiana*, do nome prerromano *Lantius*, relacionado cos *lanciensis*, ben documentados no occidente hispano (HISP).

Laxás: Ortigueira. Ab. De *laxales*, documentado na toponimia (PTG), de *laxa*, v. c. prerromana. O ourensá *la-gealas* (COD) é outra base posible de *laxás*.

Leborás: Santiago. Talvez zootopónimo: Moralejo Lasso (1977: 312) trae *Leboráns* do lat. *leporem* 'lebre'. Ou antr., do lat. *lepos*, *-oris* 'graza' (Boullón, 1999: 285).

Leiroás: Arteixo. Diminutivo de *leira*, v. c.

Lixás, Os: Cedeira (t.). Posible ab. formado sobre **lagenola* 'laxe pequena' (Navaza, 2007: 124), de onde trae *Lixó Cabeza* (2022: 94). Ou talvez pertenza á produtiva familia de *lixo*. Documentamos *lixeira*, *lixo*, *lixinho* e *lixões* en port. de Bras¹⁴. Ares (2012: 438) propón **lixuales* para *Lixuás*.

Lourás: As Somozas. Antr. Ares (2012: 647) fala dos nomes *Laurea*, *Laurius*, *Laurianus*.

Louzás, Os: Aranga (t.). Posible fit. De **louzales*, de *louza* 'comida verde para o gando' (DdD), da raíz de *Louza-rela*, top. con base prerromana relacionada co lat. *Lautia* (Ares, 2013: 964). Ou talvez antr. Abundan *Lauzanus* e *Louzanus* na doc. medieval (COD).

Madrás, As: Mañón (t.). Fit. De *madroa*, planta curativa que debeu ser abundante. Rexistramos o coimbrá *Madronial* na I. M (COD). Navaza (2006: 327) ve nos *Madarnás* ourensás esa raíz.

Mandás: Mesía. As var. medievais *Mandia*, *Mandiani*, *Mandiane* (COD) do actual top. ferrolán *Mandiá*, fannos pensar nun antr. En HISP temos nomes con esa raíz: *Mandi*, *Mandius* e o teónimo *Mandica*. Delamarre (2021: 195) trae *Mañobre* do antr. celta *Mandus*. De **Mandianes* derivariamos en **Mandanés* > **Mandaes* > **Mandaas*

12 Fala Hermo da posible raíz de *Illobre*, *ilio-* 'inflado, avultado'. Ese sema acáelle ben ás burbullas que acompañan os afloramentos de augas subterráneas nun tremedal: Sobreira (Pensado, 1974: 200) describe a *Fonte Illoáa* e di que *brotada de un gran pantano y tremedal capaz de tragarse muy grandes corpulencias*.

13 Chamábanlle así á furna porque había unha pedra na que se podía pescar durante todo o día e durante toda a marea. Alí recalaban todos os pescadores cando non conseguían pesca en ningures ou tiñan dificultades para camiñar." Información da *Asociación Parroquial San Román de Doniños*. Co Porto Exterior desapareceu a furna.

14 En Brasil un *lixão* "é uma área de disposição final de resíduos a céu aberto". En <https://www.academia.org.br/artigos/alice-no-pais-dos-lixoes>. Desa familia temos: *Lixo* 'sucidade', 'montón de algas', *lixós* 'planta', *lixuria*, *lixume* etc. (DdD), *lixá* 'planta' (TLPGP).

> *Mandás*, en paralelo á doc. do COD: *Mandrianes* (s. X), *Mandranes* (s. XI), *Mandraes* (s. XII; pode ser a mesma base con *r* adventicio).

Mañás: Arzúa. Posible antr. Piel (1984: 13) estuda o top. leonés *Villamañán* e fala dun derivado de *Manius*: *Manianus*. Boullón (1999: 296) cita o gótico *manna* 'home' e di que está presente na raíz de *Mañariz*. No COD documéntase o antr. *Manna*.

Maravexás: Boqueixón. Aparece como *Marauaiaens* no s. XIII (COD). Posible fit. da base de *maraballa*. Fuenzalida (2013: 287-8) lista as plantas con este nome e estuda a etimoloxía. Podería tratarse dun hid., porque se documenta no s. XII un *rivulo Maravaia* (COD) e hai en Ourense un curso de auga, *A Corga de Marbaxás* (PTG), mais os ríos poden levar o nome de plantas abundantes nas súas ribeiras¹⁵.

Marchás: Ordes. Posible antr. formado sobre *Marciales*, de *Marcus*, con palatalización coma en *Mancha* < *Mancia*, *Pacheco* < *Paciaecus*, citados por Boullón (1999: 295). Ou talvez sexa un ab. formado sobre (*pegas*) *marchas* (DdD) por *marzas*.

Marrás: Melide. Antr. Do nome latino *Marra* (Ares, 2012: 588). O apelido *Marra* e o top. *Marranes/Marraens* (actual *Marrás* lucense) rexístranse no COD.

Mazás: Mañón. Debe referirse á abundancia de mazás, como pasa co microtop. Pontevedrés *Val de Mazás*.

Meás: Paderne. Top. de situación. Do lat. *mediānas* 'do medio'. Hai unha *Mámoa de Meás*, linde entre os concellos de Cee e Dumbría.

Meilás: Coirós. Antr. De *Manila*, de *manna* 'home' (Ares, 2012: 82-3). Na doc. da I. M. temos *Manilanem* e *Manilani* (COD).

Meirás: San Vicente de Meirás, Valdoviño; Sada. Hid. con raíz preide. *m'ír* 'auga' (Cabeza, 2008: 393). A doc. medieval (*sancti Uicente de Meiranes*, COD; *Sant Viçençõ de Meiraas*, XEL) confirma a sufixación con *-n-*.

Mempás: Coirós (t.). Talvez sexa un composto dos nomes *Men* e *Paas* ou *Pas* (< *Pelagius*). Ou virá de **men(de) panes*, con apócope coma en *Monforte*, *Monfero*, port. *Monsanto*, cun significado semellante ao medieval *monte de pan* (XEL).

Mendás: Teo. Antr. De *Mendo*, *Menda* (COD). *Mendo* (< *Menendus*) foi un dos nomes máis frecuentes na I. M. (Boullón, 1999: 312). Ou un alcume, talvez *mendaz* con seseo.

Mexapás, Os: Cis, Oza Cesuras. A abundancia de compostos co verbo *mexar/mijar* en gal. e port. para formar fit., apelativos despectivos ou alcumes, fainos pensar nunha desas opcións. Talvez teñamos unha deturpación de *Mexacás*¹⁶, fit. e top. (PTG).

Mirás: Ames. Antr. Do xenitivo de *Mira*, do gótico *Mêreis* 'famoso' (Boullón, 1999: 317). Na doc. do COD figuran *Mira* e *Miran* e o patronímico *Miraz*.

15 *fluuium* (...) dos *Abruñeyros*, *riu de Ameneiros*, *rivulo Canbron*, *rivulo Carualasu*, *rivulo de porros*, *rivulo Salecie* etc. (COD) e a día de hoxe o *Río Nigueiroá* de Bande etc.

16 Outros top. con parte semellante: *Farta/Gasta/Manca/Milla/Molla/Para/Perdi/Pica + pán* (PTG); *Mexa + bestas/can/cás/cais/pouco* (PTG) e *Mexaboi* (Guntín, Lugo). E podería aludir a un fit. hoxe descoñecido: pénsese no cast. *matapán*, planta invasora, en port. *erva-mijona*.

Mográs: Arzúa. Debe emparentar con outros top. coruñeses como *Mogor* (Valdoviño), *Mogotes dos Aguilóns* (Cariño) e *Mogotes da Gaveira* (Cedeira). Son pedras de forma cónica (Porto, 2014: 284-5). O DCECH (s. v. *Mogote*) dá como étimo o vasco **mokoti* (de *moko* 'punta'). Agud & Tovar (1992: s. v. *Mokor* 'elevación') citan *mokarro* e *mukur* 'montón', *mokar*, *mukur* 'pequena altura'; s.v. *Mokorr* 'tronco' hai acepcións como 'toco' e var., ás que se poden engadir *mugar* 'poñer marcos, pedras fitas', que Hubschmid relaciona con *mogote* (Agud & Tovar, 1992: s. v. *muga*) e o sardo *mógoro* 'outeiro'. Da orixe preide. desas voces non dubidan. En gal. hai varias palabras integrables nesta familia: *mogrollo* 'individuo toscó' (acepción secundaria), *murga* 'montón de feixes', *murgouzo* 'montón de palla' etc. (DdD). De todo o anterior podemos deducir que *Mográs* alude a formas redondeadas máis ou menos elevadas do terreo.

Montás, As: Touro (t.). Posible antr. Documentáanse *Montano*, xenitivo *Montani* (COD). Ou pode ser adx. referido ao carácter montañoso do territorio, cfr. *Castro Montaz* ou *Montás* (Silleda), situado nun monte. O artigo *as* indicaría a elipse dun subs. (*terras* ou *leiras*).

Morás: Santo Estevo de Morás, Arteixo. Fit. De *morāles*. Así aparece no a. 1141: *sancti stephani de morales* (COD); en 1404, *Sant Estebo de Morâês* (Rozamontes, 2003: 89).

Morazás/Murazás¹⁷, O: Verdes, Coristanco (pb.). Posible ab. derivado da raíz prerromana **mor-/mur-* 'montón de pedras'. Ou temos un fit. Hai un bo resumo desta dobre opción a propósito de *Moroso* en Hermo (2013: 50-1). *Murazaes*, base posible do noso top., figura na doc. de San Martiño de Xubia (COD).

Mordomás: Louro, Muros. Parece formado sobre *mordomo* ou *mordoma*¹⁸ (< *maior domus*). É voz moi usada durante toda a I. M. (156 ocorrencias no XEL) con familia produtiva: *mordadega* (COD), *mordomado* (GHM), *mordomía* (DRAG), *mordomádego* (DdD), port. *mordomas* 'axudantes das mestras' (TLPGP).

Morouzás: Coristanco. Posible ab., da raíz prerromana **Mor-* 'pedra'. Navaza (2007: 125) parte desa raíz cando trata *Morousos* e *Morouzos*.

Morroás: Carnota (t.). Litotopónimo, ab. de pedras. Volvemos ter a raíz **Mor*.

Mostás: Curtis. Posible antr. Ares (2013: 1181) trae *Mostaz* de *Mustacus*, -*aci*. Porén, non se descarta un fit. Corominas (s. v. *Mostajo* 'sorbeira'), cita lat. **mustalis* de onde viría o noso top. En port. temos o fit. *mostajeiro* 'sorbeira' (TLPGP).

Mourás: Vilarmaior. Posible antr. De *Mauro*, ou de *Moura*, *Mouro*, sobrenomes alusivos á cor escura dun individuo (Boullón, 1999: 319). Na doc. do s. XIII temos sufixación con -*n-*: *Mourano*, *Mouraa* (COD). Cabe pensar na cor escura como atributo das terras.

Muradás: Camiño de Muradás, O Pino. Posible orónimo¹⁹, de *Muradal*, do lat. *muratus*. Ou virá ao dereito do apelido *Muradás*, moi común na metade sur de Galicia.

17 A var. *Murazás* chegou aos nosos oídos por informantes fiables.

18 *quito et anuncoo para senpre todollos meus moordomos et mordomas de todallas cousas* (Toxos Outos, 1334, GMH). Esta persoa era administradora e rendeira nos palacios reais e nos mosteiros; había mordomo/mordoma da cidade, do cabido, do abade e abadesa, do bispo e dos nobres.

19 Hai varios *Muradal*: o fonsagrado, que Cabeza (2008: 186) interpreta como 'muralla natural'; a port. *Serra do Muradal*; o antigo *Puerto del Muradal*, actual *Despeñaperros* e todos teñen valor orónimo.

Murgás: Touro. Talvez de *murga* 'montón de feixes' (DdD). Véxase **Mográs**.

Muruxás: Arzúa. Fit. De *Moruxal/Muruxal* (Navaza, 2006: 367).

Nabás: Arzúa. Fit. De *nabal*, v. c.

Nagrás, As: Oza Cesuras. Posible fit. De *nucares/nugares* 'sitio de nogueiras' (COD), cun sufixo *-ales*. A abertura da vogal átona documéntase en *Nogareda* = *Nagareda* (COD).

Negrás: Melide (t.). Posible antr., do lat. *niger, nigra, nigrum*, un sobrenome con orixe na cor da pel (Boullón, 1999: 329). Ou pode vir do adx. *negral* cualificador dun fit., con elipse do subs²⁰.

Novás: A Laracha. De *noval* 'terras que se cultivan de novo ou por vez primeira' (DdD).

Oroxás: Coristanco. Posible antr. De *Orosius* (Ares, 2012: 259) ou anaptixe de **Orxás**.

Orxás: Ponteceso. Fit. Aparece como *Ordiales* en doc. compostelá do XII (COD). *Orxal* é v.c.

Oxás: Muros. Posible antr. O ourensán *Oxén* era *Villa Ogeni* na doc. medieval (Andrade, 1995: 827). *Ogenia*, var. de *Eugenia*, figura no COD. Menos probables vemos outras opcións (lat. *Ursus* ou antr. *Ussius*: apud Ares, 2013: 811-2).

Painzás/Paisás/Paizás/Peizás: Narón, Ribeira, Boimorto etc. Fit. Do lat. *paniciales* (Ares, 2013: 835), ab. de paínzo.

Palás: Tella, Ponteceso (pb.). Posible antr. Ares (2013: 932-3) trae *Palas de Rei* do nome *Palla(s)*. Os nomes *Palas* e *Calza Pallas* figuran no COD. Ou é un derivado da voz prerromana *pala* 'pedra plana, cova' e 'acocho [entre pedras] onde hai troitas' (DdD e TLPGP). Temos un *Palaeii* (COD, doc. de Lugo) nun contexto en que se fala de pesqueiras.

Palmás: Melide (t.). Antr. De (*Villa*) *Palmaci* < *Palmatius* (Piel, 1948: 149; Navaza, 2022: 34).

Pasás: Rego dos Pasás, Boqueixón. Ab. formado sobre *pasal*, v. c.

Pedragás/Pedregás: Melide, Mañón. Ab. De *pedregal*, v. c. A var. *pedragal* figura na doc. de Oseira (COD).

Pedrás: Mañón. Ab. de pedras. Documéntase no s. XII o dezaio *petrales* e no XIII o ourensán *Pedraes* (COD).

Penachás: Melide. Composto do subs. *pena(s)* 'pedra' e o adx. *chá(s)*.

Penizás: Coirós. Ab. de penas. O top. ourensán *penizales* (COD) é base posible.

Pereixás: Santiso (t.). Talvez fit. Parece ter relación con *pereixigo* e *perexo* 'pexego' (DdD), voces en cuxa xénese debeu intervir a raíz de *pera*. Documéntase na I. M. os top. *Pereixe/Perexe/Perexi* (doc. mindoniense), *Perexo*

20 *Castenariam nigras, Quercus Nigras, Zersale* 'silveiral' *nigras* (COD); carballo/carpaza/herba/piñeiro/silva/uz/xesta negral (DdD); figueira negral (Navaza, 2006: 269).

(doc. de Sobrado) e Sarmiento fala do mosteiro galego de *Perexa*²¹, o berciano *Pereje*. Esta serie de top. comparten a raíz co noso *Pereixás*.

Pernás: Oza Cesuras. Antr. formado sobre o apelido *Perna(s)*, xa documentado na I. M. (COD).

Perrás: Oza Cesuras. Ares (2013: 942) para *Perrá* dubida entre (*villa petranea* (< *Petrus*) ou *Pyrrhana* (< *Purrrhus*). Porén, á vista do coruñés *perra ficta* (COD) e do bracarense *perral* (COD), inclinámonos por un ab. de pedras.

Pombás: Arteixo. Indica un lugar con pombais. Temos na I. M. o mindoniense *palombal* (COD) e o coruñés *pombal* (Labañou, XEL).

Pormás: Fonte Pormás, A Castañeda, Arzúa. Hid. O río leonés *Porma*, documentado desde o s. IX (COD), presenta a mesma base. Para a relación coa raíz **bher(m)/ *bhor(m)*, do teónimo *Bormanicus* vinculado ás augas (ten aras no occidente, HISP), véxase Prósper (2002: 329). Un argumento ao seu favor é a existencia do top. asturiano *Puerma*, cuxas formas medievais eran *Porma* e *Borma* (Viejo, 2003/2004: 270-1). *Pormaio* (A Coruña) e *Rego do Pormaio* (Lugo, ambos no PTG) forman parte desta familia.

Porpás: Arteixo. Posible antr. composto polo nome *Pero* (coma o ourensán *Peropás*, PTG) e o apelido *Pas* (< *Pais* < *Pelagio*) ou *Paz* con seseo.

Porrás: Arteixo. Fit. Ab. de porros. En doc. de Guimarães temos *Porrales/Porraes* no s. XI (COD).

Portocambás: Aranga. Composto de *porto* (voz polisémica, polo común referida a un paso nun río ou montaña) e *Cambás*.

Portomazás: Aranga. Composto de *porto* e *mazás*, v. c.

Portoquintás: Teo. Composto de *porto* e *quinta* ou *quintá* (voces polisémicas, DdD).

Preixás: Muros (t.). Posible var. de **Pereixás**, por síncope. Outra opción é ver un membro da familia de *apreixo*, *apreixar*, *preixa*, *preixe* (DdD). Cfr. *terra prexissa* 'terra coutada' (doc. de Toxos Outos, GMH), referido a un tipo de apropiación de novas terras, probablemente relacionado co concepto de *presura*²².

Puzás: Vilarmaior. Posible hid. *Puza* 'poza' é voz polisémica (DdD e TLPGP). *Puzal* e *puzales* 'medida de viño' documéntanse no COD.

Queilás: Ferrol (t.). Antr. En doc. de Celanova figuran *Keila* e as var. *Kella* e *Kellas* (Andrade, 1995: 918). Compartirá base con *Equilani*, de *Iquila* (COD).

Quiás: Boqueixón. Alude a posesores chamados *Quián*, apelido frecuente na Coruña que figura xa en doc. de Toxos Outos (COD). Ares (2012: 158), trae *Quián* de *Iquilane* pero pode ser aférese de *Frankila*, *Quinquila(ni)* (Andrade, 1995: 949), *Requila* etc.

21 Sarmiento, *Carta a Rodríguez Campomanes*, a. 1767. CORDE. No s. IX houbo unha repoboación, en parte de mozárabes, en territorio da actual Bañeza: algúns fundaron *San Pedro de Perix* ou *Perexe/Pereje*, con pb. berciana (https://www.romanicodigital.com/sites/default/files/pdfs/files/leon_LA_BA%C3%91EZA.pdf). Esta forma, *Perix*, abre outra posibilidade, a de relacionar etimoloxicamente esta raíz co antr. *Pérez*.

22 Esa forma, *prexissa* (participio de *premo*), é inusitada; o documento en cuestión é unha carta que vén de Roma, escrita nun lat. culto. A *presura* ou *aprisión*, lat. *a(d)prisio*, é voz próxima ao gal. *apreixar*.

Quintás: Melide. Aludirá a posesores apelidados *Quintán/Quintás* ou chamados *Quintus/Quintanus*. E pode haber casos de terras aforadas na quinta parte do froito. As posibilidades son varias, dada a polisemia de *quinta/quintá* (DdD).

Ramallás: Rego de Ramallás, Ponteceso. Fit. En **Maravexás** vimos que un curso de auga pode tomar o nome da vexetación da ribeira. *Ramallal* vén no DdD.

Raxás: Bergondo. Formado sobre *Raxal* (top. frecuente, PTG), motivado polas características do terreo. Viría de *raxa* 'fenda' (Ares, 2013: 926). Ou talvez un antr., de *Ragiane*²³ (COD).

Reás: Paderne. Posible antr. Viría de *Regalis* (Ares, 2012: 850) ou dun posesor moderno apelidado *Real*. Puido ser unha terra de *foris regalis* (COD), ou de reguengo.

Rebolás: As Somozas. Fit. De **roborale* (Navaza, 2006: 475).

Regás: Paderne. Hid. Temos *tarreo do regal* (XEL). No lucense "Rego dos regás" (PTG) pode haber unha tautoloxía. *Rega* é voz polisémica (DdD) pero sempre está o sema [+auga]. Canto ao étimo, prerromano **recu* 'regacho' ou lat. *rigare* 'regar' (Boullón, 1999: 389).

Reguiñás: Cariño (t.). Hid. De *reguiña*, diminutivo de *rega*. Hai 70 ocorrencias do top. *Reguiña(s)* (PTG). Teoricamente podería vir do xenitivo *Requilani/Riquilanes*.

Riás, Os: Gastrar, Boqueixón (t.)²⁴. Hid. formado sobre *riales* (doc. de Toxos Outos, COD). Tanto Ares (2013: 1248) como Bascuas (2002: 155) relacionan *Rial* co lat. *rivus*.

Ribadás: Boqueixón (t.). De *ribada*, v. c. Pode tratarse do *Ribadas* que aparece na doc. de Toxos Outos (COD). *Ribadal* figura en doc. ourensá (COD).

Roibás: Ferrol. Posible antr. Do lat. *Rubianus*, pola cor do pelo (Boullón, 1999: 394), ou pola cor da terra. Poden ser propiedades dun *Roibal*, apelido frecuente na Coruña.

Romás: Narón. Antr. Ares (2013: 875) trae *Romá* de *Romanus*. Como patronímico rexístrase *Romaz* (s. XI, COD), base posible de *Romás*.

Roxás: Feás, Aranga. Aludirá a terras onde houbo queimas (*roxa* 'roza', DdD) ou á cor da terra (lat. *russeus*). Pode ser nome dun posesor, pola carnación (Boullón, 1999: 393), ou aférese de *arrugiale* pola posible existencia de minaría.

Rubiás: Lamas, Boqueixón. Ou vén do antr. *Rubianus* (Ares, 2013: 796) ou de *Ruviales* (< *Ruvial*), frecuente na doc. medieval. *Rubial* podía ser un adx. (*castanaria ruvial*, COD) capaz de cobrar valor subs. (*os lugares do Souto et do Ruvial*, XEL). Na produción de Lamas listada no CME figuran os castiñeiros.

Sabriñás, Os: Budiño, O Pino (t.). Ab. de *xabre*, v. c., var. *sábrego* (cfr. *xabral*, *xabroal*, DdD), do lat. *sabulum*. **Sabreal* daría **sabriñal* con epéntese de palatal. Ou talvez de *Os Abruñás*, por falsa segmentación. *Abruñal* é v. c.

23 *Rage-* (*freda*, *-miro*, *-mundo*, *-sendus*, COD), raíz gótica, significaría 'consello' (Piel, 1989: 143).

24 No mapa (PTG), a carón de *Os Riás*, vemos *As Brañas* e *As Molladas*. Parecen terras ricas en auga.

Sabugás: Boqueixón. Fit. De *sabugal* (Navaza, 2006: 486).

Salcaiás: Cabanas. Talvez de “so as **Alcaiás**”.

Sanchanás: Río Sanchanás, Artes, Ribeira. Debemos ter o nome do padrón de Artes: *Sant Giãao d'Artees* (GMH) > **sangiãao*, tras nasal a fricativa pronúnciase como africada.

Sanguiñás: Cariño. Fit. De *Sanguiñal* (top.), de *sanguiño*, v. c.

Santiás, a Veiga de: Lestedo, Boqueixón (t.). Posible fit., var. de *Centeás* con seseo. Cabe pensar nun antr., do gótico *Sentila* (COD) + *-anes*. Ou talvez de *Sanct-Johanes* (Menéndez Pidal, 1980: 236; explica así o asturiano *Santianes*).

Sanxuás: Aríns, Santiago (t.). Antr. Remitirá ao apelido actual *Sanjuás*, abundante nesa área (CAG). Na doc. de Penamaior, Lugo, hai un top. *Sanioanes* (COD), base posible de derivación.

Sas: Paderne. Plural de *sala* ‘vivenda’, voz xermánica.

Sedeás: Ortigueira. Antr. De *Citilanis* ou *Sitilanis* (Porto, 2014: 400).

Sigrás: Santiago de Sigrás, Cambre. Posible fit. Aparece como *Cidriales* en doc. coruñesa do s. X (COD). Aludirá á produción de mazás e de sidra. A doc. posterior presenta unha alternancia: *Singraes/Sigraes*²⁵. Para xustificar a raíz *Sigr-* hai que pensar no lat. *sicĕra* ‘sidra’ (en doc. coimbrá do X: *duos quinales de sicera*, COD). *Sigras* no CME.

Sobrás: Ribeira. Fit. De *suberale* (Navaza, 2006: 510).

Suás: A Chousa de Xan Suás, O Pino. Talvez sexa falsa segmentación de **Sanxuás**.

Suaschás: A Enfesta, Santiago. Top. locativo: “so as (t.) chás”.

Susberzás: Cedeira. Locativo: “so as verzás”. Véxase **Berzás**.

Suscarballás: Mañón (t). Locativo: “so os **carballás**”

Tarás: Outes. Aparece como *Santi Juliani de Taras* no s. XII (COD). Posible ab. de pedras: *tara* ‘relevo rochoso’ (DdD) e esta é a base etimolóxica que dá Porto (2014: 413-4) para *Taras* e *Taraño*. (*Terra de Taraes* (COD, abrangue o sur de Pontevedra) é base posible.

Tembrás: O Prado dos Tembrás (t), As Somozas. Pode vir ao dereito do apelido *Tembrás*²⁶. Ou temos un membro da familia de *trémhora*, v. c., e non descartamos a relación cos hid. celtas *Tembrogium* e *Tembrios* (Delamarre, 2021: 256).

25 *Et per illam carreriam de Singraes usque in Merum* (a. 1112, COD) / *Sancti Jacobi de Sigraes* (a. 1211, COD). O *n* adventicio pode ser debido a unha nasalización espontánea ou a un cruzamento con outra raíz.

26 No CAG hai 347 ocorrencias de *Tembrás*, todas no Golfo Ártabro, 51 nas Somozas.

Tenrás: Coirós. Talvez de *tenral* ‘becerriño’²⁷ (DdD). Hai un top. *Tenra* en terras de Santiago (XEL) que podería estar na base de derivación do noso top.

Torás: A Laracha. *Toras* no CME. Posible antr. formado sobre **Teuderaci/Teoderaci* (Piel-Kremer, 1976: 166 e 263). Ou temos a raíz orónima prerromana *Tor-* ‘protuberancia, montaña’, talvez presente no coruñés *Monte Torán* e no *Toral* lucense (COD).

Trasás: Melide. Top. locativo: “tras salas”. Véxase **Sas**.

Tribás: Touro. Antr. Ares (2013: 1318) trae o lucense *Tribás* (*Tivlanes/Tribanes* na I. M.) do gótico *Tevila*, *-anis*.

Toxás: Coirós. Fit. De *toxal*, v. c.

Trigás: Vedra. Fit. De *trigal*, v. c.

Turlás: Mañón. Ten a raíz do top. *Turlugo*²⁸. *Turlam* documéntase como apelido (COD). Prósper (2002: 166-8) integra **Turla* na familia de *Torolo*, para nomear prominencias do terreo. Tamén cabe ver un hid., da familia do Turia (Bascuas, 2006: 304 e ss.).

Uzás: Ordes. Fit. De *uzal*, v. c.

Valadás/Baladás: Melide. Do lat. *vallatum*, de *vallum* ‘valo’. *Valadal* é top. (PTG).

Valás: Ferrol (t.). De *valo* mais un sufixo *-anas* > *-áns* > *-ás*. A existencia de top. como *Suvalao* (O Eixo, Santiago), *El Valao* (Vilatuelle, Bierzo), *Quinta do Valão* (Marinha Grande port.), con sufixo *-ano* > *-ao/ão*, confirman esa sufixación.

Vallás: Arzúa. De *valla* ‘valga, valiña’ (DdD).

Velouzás/Vilouzás: Paderne. Antr. Ares (2013: 1276) trae (*Vill)ouzán* de *Avitianus*. O top. coruñés parece que é o *Villa Ousaz/Osaz* do s. XII (COD) e figura como *uillouzas* no s. XIV (GMH). Outra base posible é (*vila de*) *Ausonius* (hai *villa Ouzonio* en Toxos Outos, COD).

Ventás: Tras Penas Ventás, San Sadurniño. O top. indicará un lugar ventoso²⁹.

Verdeás: A Laracha. Parece formado sobre *verdeal*³⁰, v. c.

Vidás: Santiago. Pode vir do nome latino *Vitalis*, ou dun apelido: *Vidal* (apelido xa desde o s. XI, COD) ou *Vidán*.

Villás: Aranga. Posible antr. Talvez de *Guila* (COD) ou *Guilla*, como propón Piel (1940: 385) para *Vilhões*.

27 En *tenral* ‘becerro’ temos a substantivación dun adx. que puido ter outros valores. Pensemos en *tenrada* ‘milhal tenro para bois’ (TPLGP). Se cadra (*terras*) **tenrales* tiñan un valor semellante.

28 A *Tudensis Historia* sitúa Turlugo “*Ad sedem Portugalensem*”, http://corpus.cirp.gal/codolga/fontes/2017_tudensis_historia.

29 Outros top. aluden a lugares ventosos: *As Gañidoiras*, *O Monte Bufadoiro*, *O Alto da Gañidoira*, *A Pena que Fala*; *Ventoso* (31 casos, PTG), *Ventosa* (75 casos, PTG), a *Peña Ventosa* (Cantabria) etc.

30 O DRAG só recolle o uso adx. No DdD, porén, figura un valor subs., ‘terra con herba’. Como top. *Verdeal* rexístrase na I. M. (COD). Navaza (2006: 554-5) inclínase polo valor adx. para o top. *Verdeás*.

Viñás: Vedra. Fit. (Navaza, 2006: 561).

Xadás: O Pino (t.). Talvez do sobrenome *Sadaes*³¹ (COD), talvez da familia de *xadar* 'xear' (DdD) e indicaría terras frías.

Xanabás: Arteixo (t.). Antr. Figura no CME como *sitio de Juan Abad*. A forma *Xanabás* implica seseo implosivo sobre a pronuncia popular *Abaz*.

Xangás: Muros (t.). Posible membro da familia léxica de *xangar*³². Quizais un alcume, de *xangal*, v. c. Pero o feito de armarse *xangadas*³³ para pescar en varios puntos das Rías Baixas indúcenos a pensar nunha relación etimolóxica con esa voz.

Xarás: Ribeira. Posible ab. de *xabre*, formado sobre *xaral*, v. c. (Cabeza, 2022: 155). Documentamos a var. *Garás* no s. XIX³⁴.

Xeixás: Aranga. Ab. De *seixal*, v. c.

Xemerás: Mesía. Posible antr. Talvez de *Wimara*. Ares (2013: 1028) establece unha relación etimolóxica entre *Ximarás/Guimarás*.

Xestás: As Somozas. Fit. De *xestal*, v. c.

Xiadás: Boqueixón. Aparece como *Geadanes* no s. X (COD). Pode vir dun posesor apelidado *Gelada* (COD). Ou alude a terras de abundantes xeadas.

Xiás: Sorrizo, Arteixo. Posible antr. formado sobre *Egila* (Ares, 2013: 878) ou sobre *Iulianus*³⁵.

Xoxás: Arteixo. Posible top. locativo, talvez de **iusanas*, do lat. *iusum* 'debaixo'.

Xuxás, A Leira do: Conxo, Santiago (t.). Caso de non ser un alcume, será un top. locativo, do adx. *susano/-ana*, do lat. *susum* (< *sursum*) 'arriba', con palatalización. En Eirís, A Coruña, temos *Xuxán*, que está no alto³⁶.

Zalmás: Coirós (t.). Hid. ou antr. Como antr. estaría formado sobre *Zalama* (< árabe *salâmâ* 'salvación', Boullón, 1999: 462), nome frecuente na doc. do COD. Ares (2013: 691) atribúelle esta orixe ao top.-hid. *Zamáns* mais é

31 *Sadaes* quizais garde relación co top. *Sada* que Navaza (2021: 87) trae do lat. *sata* 'terras sementadas, colleita' (Gaffiot).

32 A semántica é difícil de precisar: *xangar* 'conxeniar', *enxangar* 'enredar, entorpecer' (DdD, este significado 'enredar' relembra o asturiano *xangá(s)* 'animal que se cae porque no controla las articulaciones', en: <https://www.xuliocs.com/diccionario-etimologico-asturiano-X.php>), *xangal* (valor positivo, 'áxil' e negativo, *xangolas*, *xanguero* 'mañoso' (García Barros, TILG), *xangada* 'balsa' pero tamén 'trebello que estorba' (Álvarez Valdés, TILG) etc.

33 As *xangadas* eran estruturas de madeira que se chantaban na area formando X para impedir que os peixes escapasen. Sabemos que se facían no río Miño, en Combarro e na Ría de Pontevedra (<http://www.blogoteca.com/opedaporta/index.php?l=1&pag=11>) En Baiona temos o top. *Terras Xangadas* (https://www.pescadegalicia.gal/zonasreservamexilla_zonasexclusivaspercebe/baiona_pe_norte.pdf).

34 Hai outras opcións que merecen menos creto: o DdD recolle *xara* 'cardume' e Rivas (1999: 41) documenta en Ourense *xaras* 'searas'. Con respecto a *Garás* (tirado dun listado de contribuíntes do Concello de Ribeira, en: *Boletín oficial de la provincia de La Coruña*, nº 98, 29/X/1889, onde aparece como *Pinar de Garás*), non podemos precisar se se trata dunha ultracorreción ortográfica ante unha pronuncia con gheada (Cabeza cita *Fonte Jarás*) ou se reflicte unha ortografía antiga: no s. XII aparece grafado o top. bracarense *Garaz/Giaraz* (COD), logo o G- podía representar unha fricativa palatal.

35 San Xíán é moi venerado en Barrañán, preto de Sorrizo.

36 En *Estebo*, Xosé Lesta Meis, nado en Eirís (A Coruña), escribiu: *¡E cómo os subía por aquella costa arriba de Xuxán!* (TILG).

improbable que un hid. tome o nome dun antr. Prósper (2002: 150) sitúa o arroio burgalés *Zalama* na familia de hid. de raíz **Salamā*, á que pertencerá o hid. vigués *Zamáns*³⁷.

Zas: Melide, Terra de Soneira, Negreira. A doc. medieval atesta dúas orixes: *Salas/Saas* para o top. melidense e o lat. *salíce* 'salgueiro' (> *Saz*) para o soneirán e negreirés (Navaza, 2021: 105).

Zoás: Coristanco. Aludirá a terras onde zoa moito o vento. Segue o modelo de *Ourás* (Ares, 2013: 1248), **Ventás** etc.

3.

Distribución pola semántica, datos morfolóxicos e xeográficos

Os 217 topónimos estudados –sen contar as variantes– distribúense, tendo en conta a súa significación, da seguinte maneira. Antropotopónimos: 61 casos, dos cales 14 son dubidosos. Fitotopónimos: 56 casos, 8 dubidosos. Calidades orográficas³⁸: 29 casos, 6 dubidosos. Abundanciais (excluídos os fitónimos): 26 casos. Hidrotopónimos: 15 casos. Locativos ou de situación: 12 casos. Zootopónimos: 9 casos, un con dúbidas. Outros: 7 casos (Gráfico 1).




Gráfico 1: Clasificación semántica. Elaboración propia.

Os resultados en -ás nos topónimos da provincia da Coruña son, na súa maior parte, produto da caída dun -l- ou dun -n- intervocálico. No primeiro caso trátase de -ales, frecuente sobre todo nos fitónimos (*Abruñás*, *Acivás*, *Morás* etc.) e abundanciais en xeral (*areás*, *bardás*, *penizás* etc.). En menor medida, o -l- procede dun sufixo diminutivo en -ola(s) (*Careixoás*, *Chamoás*, *Leiroás*, talvez *Lixás*).

37 Sacau (1996) trae *Zamáns* da raíz hidrónima *Sar-/Sal-*. Ver un hid. en *Zalmás* é unha opción que nos permite emparentar (por troco de fricativas xordas) esta raíz *Zalm-* con *Falm-*, presente en *falmageira* 'prados húmidos' e *falmagarse* 'amolecer a froita que empeza a podreecer' (DdD).

38 Forma, características do terreo, orografía en xeral.

No segundo caso o que temos son os sufixos nominais *-an(s)/-anas/-anes*, aos que podemos sumar o xenitivo singular *-anis*. Non sempre é doado distinguir en que casos temos *-anas* ou *-anes*. Como tampouco é doado distinguir cando unha terminación *-áns/-ás* remonta ao xenitivo *-anis* ou ao plural *-anes* e así o recoñece Piel (1989: 160).

Identificamos de maneira clara o sufixo *-anas* en moi poucos casos: *Chás, Franciscás, Mazás, Meás, Portomazás, Quintás* e *Ventás*. O sufixo *-anes* (ou *-anis*) aparece, en cambio, en moitos topónimos. Piel (1989: 160) etiquétao de sufixo étnico porque identifica unha filiación, a da familia ou persoa propietaria da terra ou vila en cuestión: *Goiás, Mandás, Queilás, Sedeás, Tribás, Ximarás* etc. Mais tamén existe un grupo onde *-anes* parece indicar un valor descritivo-abundancial³⁹, próximo a *-al*: *Balocás* (*Ballokanes* debeu cualificar un lugar abundante en balocas), *Corzás, Garabás* (abundaría ese tipo de vexetación nomeado coa raíz *garab-*), *Meirás* (rico en auga), *Tarás* (onde hai pedra).

Á parte destes dous casos maioritarios, temos un terceiro: o sufixo patronímico *-az* que evoluciona a *-ás*, por causa do seseo ou por troco de fricativas. Tal sucede cun bo número de lugares: *Bicás* (< *Becaz*), *Estrás* (< *Astrás* < **Astraz*), *Gamás* (< *Gamaz*), *Gorás* (< *Goraz*), *Mendás* (< *Menda* + *-az*), *Mirás* (< *Miraz*, ben documentado no COD, fronte a un posible **Miranes*), *Mostás* (< *Mostaz*), *Palmás* (< *Palmaz*), *Romás* (< *Romaz*), *Velouzás* (< *Villa Ousaz*). Temos, ademais, un par de casos de seseo implosivo en posición final pero xa non se trata do sufixo patronímico: *Sas* (< *saz* < *salice*), *Cabás* (< *Cabaz*), *Xanabás* (< **Xanabaz* < *Xan Abade*).

No segundo caso, o resultado *-ás* coexiste na provincia co resultado *-áns*. Como é sabido esta diferenza permítenos trazar unha isoglosa lingüística entre os bloques dialectais occidental e central galegos. Un estudo das ocorrencias de ambos resultados na provincia permítenos achegar unhas liñas xerais: Nas Rías Altas (Ferrol, Fene, As Somozas, Cedeira...) dáse un predominio de topónimos en *-ás*. O mesmo sucede en concellos do interior como Arzúa, Coirós, Melide, O Pino e Vilasantar. Os datos tamén nos permiten establecer zonas de coexistencia de *-ás/-áns*: en Arteixo e Bergantiños coexisten ambos sufixos; tamén o fan na terra de Santiago e concellos limítrofes⁴⁰. Podemos considerar estas áreas de coexistencia *-áns/-ás* como áreas de transición dialectal entre os bloques occidental e central, respectivamente.

4.

Conclusións

Estudamos 217 topónimos coruñeses en *-ás* e, debido á falta de documentación (situación esperable ao trátarse de microtoponimia na maior parte dos casos), propoñemos un par de hipóteses para moitos deles. Polo tanto, as nosas propostas etimolóxicas son provisionais en boa medida. Establecemos unha clasificación semántica e vemos que a maior parte teñen orixe no nome dun posesor da terra, antigo ou moderno; un segundo grupo ten orixe nun fitónimo e outros substantivos con valor abundancial. Os locativos e os zootopónimos ocupan os últimos lugares na clasificación. A análise da distribución xeográfica dos resultados *-anas/-anes/-*

39 Ás veces nos textos medievais *-al* e *-anis/-anes* chegan a confundirse. Pénsese que *-anis/-anes* son sufixos propios do latín tardío: para Piel *-anes* é un "híbrido" medieval (1989: 160). Con respecto a *Garabanes*, por exemplo, Navaza (2006: 290, 291) di que en orixe estaba *-ales* pero que tras a caída do *-l-*, reponse unha nasal. Nós pensamos que *-anis/-anes* pode cobrar ese valor abundancial en casos en que non temos un xenitivo flexional onomástico senón un adxectivo como en: *agrum Kuruianes* (COD) 'agro da curuxa ou onde hai curuxas', ou cede paso á perífrase con *de*: *vila de Carpazanes/Keiroganes* 'vila [situada nun lugar] onde hai carpazas/queirugas', *pennauzos de Aboueranes*. De aí que sexa posible interpretar ese uso de *-anis/-anes* (con fitónimos e zoónimos) coma se fose un sufixo abundancial: *Villa Barcellanes, Felectanes, Garavanes, Golpillanis/Golpellanes* (todos no COD) etc.

40 *Aguazáns* e *Aguazás* en Pastoriza, Arteixo; *Quintáns* en Arteixo e *Quintás* en Chamín, Arteixo; *Borrazás* en Carballo de Bergantiños e *Borrazáns* (CME) en Monteagudo, Arteixo; *Leboráns* en Ames e *Leborás* en Sabugueira, Santiago (todos os top., agás *Borrazáns*, están tirados do PTG).

anis > *-ás* indícanos por onde pasan as isoglosas dos bloques occidental e central na provincia da Coruña, da mesma maneira que podemos ponderar a existencia de áreas de transición dialectal. En liñas xerais os datos confirman os resultados que o dialectólogo Fernández Rei (1990) obtivera no seu día.

Referencias bibliográficas

- Agud, Manuel, & Tovar, Antonio (1992). *Diccionario etimológico vasco*. Donostia. San Sebastián: Gipuzkoako Foru Aldundia/Diputación Foral de Gipuzkoa. Disponible en <https://ojs.ehu.eus/index.php/ASJU/article/viewFile/8601/7769> (Consultado en 21.03.2023).
- ALG = García, Constantino, & Santamarina, Antón (dirs.) (2015). *Atlas lingüístico galego. Vol. VI. Léxico. Terras, plantas e árbores*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Andrade, José Miguel (1995). *O Tombo de Celanova. Tomo II*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Ares Vázquez, Nicandro (1995). "Onomástica das aldeas do concello de Toques", *Boletín do Centro de Estudos Melidenses Museo da Terra de Melide*, 9, 9-21.
- Ares Vázquez, Nicandro (1998). "Onomástica das aldeas do concello de Melide", *Boletín do Centro de Estudos Melidenses Museo da Terra de Melide*, 11, 23-35.
- Ares Vázquez, Nicandro (2012). *Estudos de toponimia galega. Tomo I*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Ares Vázquez, Nicandro (2013). *Estudos de toponimia galega. Tomo II*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Bascuas, Edelmiro (2002). *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 51 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bascuas, Edelmiro (2006). *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada/A Coruña: Castro.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999). *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XIII)*. Tübingen: Max Niemeyer.
- Cabeza Quiles, Fernando (2008). *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Cabeza Quiles, Fernando (2020). *Toponimia de Carballo*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Cabeza Quiles, Fernando (2022). *Toponimia de Ribeira*. A Coruña: Real Academia Galega.
- CAG = Boullón Agrelo, Ana Isabel, & Sousa Fernández, Xulio (dirs.) (2006-). *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/cag/> (Consultado en 12.02.2023).
- Campos, Jesús, & Camarero, Concepción (dirs.) (1990). *La Coruña 1752. Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada*. Madrid: Tabapress.
- Censo de Pecheros*. Carlos I, 1528. Tomo I. Instituto Nacional de Estadística. Disponible en: https://www.ine.es/prodyser/pubweb/censo_pecheros/tomo1.pdf (Consultado en 15.03.2023).
- CME = Ministerio de Cultura – Portal de Archivos Españoles: *Catastro de Ensenada*. Disponible en: <https://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController> (Consultado en 11.03.2023).

COD = López Pereira, Eduardo (dir.) (2006-). *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponible en <http://corpus.cirp.es/codolga/> (Consultado en 2.02.2023).

CODOLCAT = Quetglas, Pere, Gómez, Ana, Segarrés, Marta & Punsola, Marta (2012). *Corpus Documentale Latinum Cataloniae*. Barcelona: CSIC / Institución Milá y Fontanals. Disponible en <https://gmlc.imf.csic.es/glossarium/codolcat> (Consultado en 11.03.2023).

CORDE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE). *Corpus diacrónico del español*. Disponible en <https://corpus.rae.es/cordenet.html> (Consultado en 11.03.2023).

Costas González, Xosé-Henrique (2016). *Os xentilicios de Galicia e dos outros territorios de lingua e cultura galegas*. Vigo: Universidade de Vigo.

Daviña Sáinz, Santiago (2006). "Noticias históricas del Archivo Municipal de La Coruña y los milagros de Nuestra Señora de Pastoriza", *Nalgures*, 3, 43-156.

DCECH = Corominas, Joan, & Pascual, José Antonio (1980-1991). *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.

DdD = Santamarina, Antón (dir.) (2006-2018). *Diccionario de diccionarios da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <https://ilg.usc.gal/ddd/> (Consultado en 22.03.2023).

Delamarre, Xavier (2021) [2012]. *Noms de lieux celtiques de l'Europe Ancienne (-500 / + 500)*. Arles: Errance.

DRAG = González González, Manuel (dir.). *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en <https://academia.gal/diccionario> (Consultado en 21.02.2023).

Fernández Rei, Francisco (1990). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.

Figueiredo, Cândido de (1913). *Novo dicionário da língua portuguesa*. Lisboa: Editora de A. M. Teixeira.

Fuenzalida, Mauricio (2013). "Etimología del gallego maraballa", *Verba*, 40, 285-354.

Gaffiot, Félix (1934). *Dictionnaire Latin-Français*. Paris: Hachette. Disponible en <http://micmap.org/dicfro/search/gaffiot/ocam> (Consultado en 21.02.2023).

García Martínez, Francisco Javier (1992). "Etimología e interpretación popular en los pueblos de León", *Lletres asturianas*, 43, 51-61.

García Oro, José (1991). "Los primitivos «freires» de la Tercera Orden Regular en Galicia", *Boletín do Centro de Estudos Melidenses Museo da Terra de Melide*, 6, 6-17.

GMH = *Gallaeciae Monumenta Historica*. Santiago de Compostela: Consello de Cultura Galega. Disponible en <https://gmh.consellodacultura.gal/> (Consultado en 11.02.2023).

Gysseling, Maurits, & Koch, Anton Carl Frederik (1948). "Het 'Fragment' van het tiende-eeuwse Liber Traditionum van de Sint-Pietersabdij te Gent", *Bulletin de la Commission royale d'histoire*, 113, 253-312.

- Hermo González, Gonzalo (2013). "Toponimia maior da parroquia de Taragoña", *Estudos de Lingüística Galega*, 5, 43-67.
- HISP = *Hispania Epigraphica*. Disponível en http://eda-bea.es/pub/search_select.php (Consultado en 21.02.2023).
- Martínez Lema, Paulo (2010). "Aproximación lingüístico-etimolóxica á toponimia das comarcas de Xallas, Fisterra e Soneira", *Revista de Filología Románica*, 27, 237-262.
- Méndez, Luz (2018). "Gheada, seseo e estandarización de apelidos". En Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.), *Antroponimia e lexicografía*, 203-235. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Menéndez Pidal, Ramón (1980). *Orígenes del español*. Madrid: Espasa-Calpe. 9ª ed.
- Moralejo Lasso, Abelardo (1977). *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2006). *Fitotoponimia gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2007). *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2018). "Andrade, Cosmede, Tomade e outros apelidos de orixe toponímica". En Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.), *Antroponimia e lexicografía*, 179-202. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2021). *Os nomes dos concellos da provincia da Coruña*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2022). *Nomes de persoa na toponimia de Lalín*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Pensado, José Luis (1974). *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia.
- Piel, Joseph Mª (1934-1935). "Os nomes germânicos na toponimia portuguesa", *Boletim de Filologia*, III, 37-53.
- Piel, Joseph Mª (1940). "Os nomes germânicos na toponimia portuguesa", *Boletim de Filologia*, VII, 357-386.
- Piel, Joseph Mª (1948). "Nomes de possessores latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa". Coimbra: Separata de *Biblos*, vol. XXIII.
- Piel, Joseph Mª, & Kremer, Dieter (1976). *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg. Carl Winter.
- Piel, Joseph Mª (1984). "Novíssimas achegas à história da tradição antroponomástica mais antiga no Noroeste galaico", *Verba*, 11, 5-24.
- Piel, Joseph Mª (1989). *Estudos de Linguística Histórica Galego-Portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Porto Dapena, Álvaro (2014). *Dicionario toponímico do concello e ría de Cedeira*. Anexo 27 de *Revista de Lexicografía*. A Coruña: Universidade da Coruña.

Prósper, Blanca María (2002). *Lenguas y religiones prerromanas del occidente de la Península Ibérica*. Salamanca: Universidad de Salamanca.

PTG = *Toponimia de Galicia*. Xunta de Galicia. Disponible en <https://toponimia.xunta.gal/es> (Consultado en 12.02.2023).

Rivas Quintas, Elixio (1999). *Pan, sega e malla. Medidas*. Ourense: Grafo Dos.

Rozamontes, María (2003). *Arteixo de onte a hoxe*. V. II. Arteixo: Concello de Arteixo.

Sacau Rodríguez, Gerardo (1996). *Os nomes da Terra de Vigo: Estudio etimolóxico*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.

Sacau Rodríguez, Gerardo (1999). *Vigo nalgúns dos seus topónimos*. Vigo: Concello de Vigo.

Sanz Elorza, Mario (2013). "Repertorio fitonímico de Castilla y León", *Revista de Folklore*, 2013, 47-137. Disponible en <https://funjdiaz.net/folklore/pdf/rf2013.pdf> (Consultado en 24.02.2023).

Simões, Guilherme Augusto (1993). *Dicionário de Expressões populares portuguesas*. Lisboa: Publicações Dom Quixote.

Soto Arias, M^a Rosario (2023). "Garás: aproximación ao topónimo coruñés", *Cornide*, 4, 281-308.

TILG = Santamarina, Antón (dir.), González Seoane, Ernesto, & Álvarez de la Granja, María. *Tesouro informatizado da lingua galega (Versión 4.1)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.gal/TILG/> (Consultado en 21.02.2023).

TLPGP = Álvarez, Rosario (coord.). *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/Tesouro> (Consultado en 17.02.2023).

Velo Pensado, Ismael (2020). *La vida municipal de A Coruña en el siglo XVI*. A Coruña: Deputación da Coruña.

Viejo Fernández, Xulio (2003/2004). "Notes d'hidrotoponimia quirosana", *Revista de filoloxía asturiana*, 3/4, 267-271.

XEL = Varela Barreiro, Xavier (coord.) (2006-2018). *Corpus Xelmírez*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.gal/xelmirez/> (Consultado en 17.02.2023).



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade da Coruña (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
Maria Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
Mária Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda